

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 3 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

Antecedentes:

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento de reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06. O ámbito de actuación sitúase na estrada AC-840, pertencente á Rede Primaria Básica de Estradas de Galicia, na contorna do p.q. 6+000 da dita estrada, no concello de Oza-Cesuras, na provincia da Coruña.

Esta intersección dispón na actualidade de visibilidade insuficiente, situación que unida á velocidade no treito e a importante intensidade de tráfico na zona, crea un escenario de grave perigo para o condutor á hora de realizar as distintas manobras de incorporación e de cambio de sentido. O proxecto ten por obxecto, polo tanto, a reordenación da intersección situada no p.q. 6+000 da estrada AC-840 (Betanzos-A Golada), mellorando as incorporacións desde o camiño de Carraceda á AC-840 e viceversa, para o que se proxectan carrís de aceleración e deceleración e dous carrís centrais de espera, permitindo deste xeito, todos os xiros á esquerda. Así, a solución proxectada ten como finalidade mitigar ou eliminar os actuais riscos e, como consecuencia, incrementar a seguridade viaria dos condutores.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a



partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), na Casa do Concello de Oza-Cesuras (Lois, 33. Oza. 15380 Oza Cesuras).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago Compostela, 3 de xaneiro de 2020

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: yir0qt86-3ih2-nu78-mu38-vqzrs3qndndm0





## ANEXO

## Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras de clave AC/18/137.06

## Concello de Oza-Cesuras

Nº de orde	Parcela	Polígono	Referencia catastral	Titular	DNI	Superficie catastral	Afeccións		Situación básica do solo
							Expropiación	Aproveitamento	
1	141	3	15064A003001410000DA	Carro Valiño, María (hdros. de)	***6928**	2.401,00	21,15	Agrario	Rural
2	1214	3	15064A003012140000DL	Carro Otero, J.M. (hdros. de)	***6914**	1.326,00	45,00	Agrario	Rural
				Carro Valiño, María (hdros. de)					
3	152	3	15064A003001520000DF	Boado S. Martín Avelino	Sen datos	1.630,00	46,40	Agrario	Rural
4	153	3	15064A003001530000DM	Caamaño Pais, Domingo	***6612**	2.212,00	101,75	Agrario	Rural
5	155	3	15064A003001550000DK	Descoñecido	Descoñecido	1.398,00	83,95	Agrario	Rural
6	001	6	15064A006000010000DU	Descoñecido	Descoñecido	1.890,00	174,30	Agrario	Rural
7	002	6	15064A006000020000DH	Castro Fraga, M <sup>a</sup> Lucía	***9641**	2.239,00	146,20	Agrario	Rural
8	003	6	15064A006000030000DW	Rodríguez García, María	***7406**	8.433,00	950,60	Agrario	Rural
				García Otero, Julio	***7014**				
				García Otero, Francisco	***7015**				
				Sánchez López, María	***7038**				
9	011	6	15064A0060000110000DQ	Investigación artigo 47 Lei 33/2003	Sen datos	2.558,00	37,30	Agrario	Rural
10	012	6	15064A0060000120000DP	Seoane Fafián, Manuela (hdros.)	***7520**	2.347,00	27,50	Agrario	Rural
11	016	6	15064A0060000160000DM	Rilo Valiño, Manuel	***9865**	4.741,00	25,35	Agrario	Rural

